

OBRADOIROS

de extensión universitaria

Campus de Ourense

1.º cuadrimestre 2026/2027

Destinados á cidadanía en
xeral e universitarios/as



MATRÍCULA

Do 22 de setembro
ao 2 de outubro
campusactivo.uvigo.gal



OBRADOIROS

de extensión universitaria

Campus de Ourense

1.º cuatrimestre 2026/2027

MATRÍCULA

Do 22 de setembro

ao 2 de outubro

campusactivo.uvigo.gal



Universidade de Vigo

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas
campusactivo.uvigo.gal
Prazo: do 22 de setembro ao 2 de outubro de 2026
Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 25 horas de traballo.

PREZOS

- Público xeral: 41 euros
- Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26,65 euros
- Colectivo C da comunidade universitaria: 32,80 euros

* Presentación das aulas de teatro o luns 19 de outubro ás 20 horas no pavillón 1 do campus. Nas aulas de teatro é necesario ter capacidade de memorización dos textos e dos movementos que se vaian creando nos ensaios de cara á posta en escea final.

AULA DE TEATRO. NIVEL 1: ROSAURA*

Inicio ao mundo do teatro de xeito ameno e creativo, nunha escola teatral de referencia no resto de universidades estatais.
Dirección: Sarabela teatro
Inicio: 29 de outubro. Xoves, de 19 a 22 h (35 horas)
Número de prazas: 15
Lugar de celebración: aula de teatro do Pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 2: CORDELIA*

Destinado a persoas que superaron o 1º nivel, traballarás na creación do personaxe, coñecerás a dramaturxia e prepararás todos os elementos que rodean unha obra.
Dirección: Sarabela teatro
Inicio: 27 de outubro. Martes, de 19 a 22 h. A partir de xaneiro, martes e xoves (40 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula de teatro do Pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 3: MARICASTAÑA*

Irás adentrándote no universo que supón unha posta en escea, coñecendo os elementos técnicos e interpretativos sentindo a creación en grupo.
Dirección: Sarabela teatro
Inicio: 26 de outubro. Luns e mércores de 19 a 22 h (60 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula de teatro do Pavillón 1

OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA: GAITA E PERCUSIÓN

O programa inclúe nocións da música patrimonial e tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudo do repertorio, afinación, ornamentación, percusión e combos instrumentais tradicionais.
Estes contidos, están enfocados tanto ao alumnado de iniciación como ao de perfeccionamento.
Dirección: Gonzalo Abelairas
Inicio: 8 de outubro. Xoves, de 18 a 21 h (30 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: Pavillón das Asociacións

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. FORMACIÓN

Obradoiro práctico no que se explora o corpo como ferramenta de coñecemento, expresión e relación. A través do *Body Weather*, técnicas *Release* e *Flying Low*, achegarémonos ao adestramento físico, á conciencia corporal e a nocións básicas de anatomía. A improvisación, a composición espacial e a creación coreográfica permitirannos descubrir novas posibilidades de movemento, potenciar a creatividade e construír unha experiencia colectiva desde a escoita, o respecto e a diversidade.
Dirección: Nuria Sotelo
Inicio: 6 de outubro. Martes e mércores de 19 a 20.30 h (30 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: ludoteca do Edificio de Facultades

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. CREACIÓN ESCÉNICA

Obradoiro de creación coreográfica no que exploraremos o corpo, o movemento e o espazo como ferramentas de expresión. A través da improvisación e da composición, as persoas participantes desenvolverán a súa creatividade e construírán colectivamente unha peza que será presentada en diferentes festivais e encontros de danza universitaria. O proceso traballará a presenza escénica, a escoita, a cooperación e a toma de decisións nun espazo seguro, igualitario e inclusivo.
Dirección: Nuria Sotelo
Inicio: 8 de outubro. Xoves, de 19 a 21 h (20 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: ludoteca do Edificio de Facultades

O PROCESO DE REINSERCIÓN LABORAL CON PERSOAS PRIVADAS DE LIBERDADE

O obradoiro ofrece unha visión socioeducativa da intervención con persoas privadas de liberdade. Nel abordarase o funcionamento da institución penitenciaria, o perfil e necesidades das persoas reclusas, así como os factores que inflúen na súa reinserción. Exploraranse técnicas de acompañamento, metodoloxías de intervención e o deseño de itinerarios personalizados de inserción. A formación inclúe unha visita ao C. Penal de Pereiro de Aguiar que ten como obxectivo coñecer a realidade institucional.
Dirección: Jesús Deibe Fdez. Simo
Inicio: 9 de outubro. Vernes, de 9 a 13 h (20 horas)
Número de prazas: 12
Lugar de celebración: aula do Edificio de Ferro

APRENDE A MELLORAR AS TÚAS FOTOGRAFÍAS

Queres sacar máis partido á túa cámara e conseguir fotografías que realmente transmitan? Neste obradoiro aprenderás truco e técnicas para mellorar as túas imaxes, tanto desde o punto de vista técnico como creativo. Descubre novas posibilidades, desenvolve a túa mirada fotográfica e goza aínda máis facendo fotografías.
Dirección: Santiago Barreiros Camba
Inicio: 19 de outubro. Luns e mércores, de 19 a 21 h (30 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: seminario do Pavillón 1

COÑECEMENTO ESTRATÉXICO NA POLÍTICA INTERNACIONAL CONTEMPORÁNEA

O obradoiro propón un percorrido pola historia da intelixencia e do espionaxe como instrumentos da política exterior. Sesións que combinan análise histórica, casos de estudo e traballo con fontes primarias desclasificadas para comprender como os servizos de intelixencia moldean o sistema internacional desde a Gran Guerra ata o terrorismo yijadista e a ciberquerra contemporánea. Atendendo, así mesmo, aos retos que o control dos servizos de intelixencia supón para as sociedades democráticas.
Dirección: Luis Velasco Martínez
Inicio: 7 de outubro. Mércores e xoves, de 11 a 13 h (36.5 horas)
Número de prazas: 25
Lugar de celebración: aula do Edificio Xurídico-Empresarial

OBRADOIRO DE COSTURA CREATIVA SOSTIBEL

O obxectivo é achegar ao alumnado ao patrón e á costura a través de teas, prendas recicladas, etc. dándolle unha segunda vida, trasladando a sensación de satisfacción que se produce ao creal algo ti mesmo/a e coas túas mans. Aprendizaxe de técnicas básicas e patronaxe textil.
Dirección: Estefanía Carrera García
Inicio: 5 de outubro. Luns, de 16 a 19 h (30 horas)
Número de prazas: 12
Lugar de celebración: seminario do Pavillón 1

A POLÍTICA EXTERIOR DE ESPAÑA EN RETROSPECTIVA (1976-2026): CINCUENTA ANOS DE DEMOCRACIA E ACCIÓN INTERNACIONAL

Coincidindo co cincuentenario do inicio da transición democrática, este obradoiro analiza cincuenta anos de política exterior española desde unha perspectiva histórica, politolóxica e internacional. A través de estudos de caso, documentos diplomáticos e debates, o alumnado coñecerá a evolución da acción exterior de España, o seu papel na Unión Europea, na OTAN, en Iberoamérica e no Mediterráneo, adquirindo ferramentas para comprender os principais retos xeopolíticos do século XX.
Dirección: Serxio María Rodríguez Álvarez
Inicio: 16 de outubro. Venres, de 11.30 a 13.45 h (25 horas)
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula do Edificio Xurídico-Empresarial